



ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN: DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO. TRAMO: GLORIETA 25 NOVEMBRO – GLORIETA BE-NIGNO RIVERA (incluído adquisición/expropiación de terreos), APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO EN DATA 28/07/2023

En Lugo, (data sinatura dixital)

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-27000001 e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra dona Lara Méndez López, que actúa en nome e representación do concello de LUGO, con C.I.F. P-2702800-J e sé social en Praza Maior, s/n – 27001- LUGO-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcaldesa.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 17/03/2023 prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de LUGO, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns consistentes en: **DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO. TRAMO: GLORIETA 25 NOVEMBRO – GLORIETA BE-NIGNO RIVERA (incluído adquisición/expropiación de terreos)**, sendo asinado o convenio o 30/03/2023.

Así mesmo a Deputación aprobou Addenda de modificación por acordo da Xunta de Goberno de data 09/06/2023, que non chegou a asinarse.

Segundo.- Pola Alcaldía do Concello de LUGO remitiuse escrito o 11/07/2023, con RE nº 2023RT011971 no que solicita, se modifique a cláusula 3 de convenio e modificación aprobada, de xeito que quede **“Redactar o proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a realización das obras e aprobación inicial do mesmo, previsto inicialmente para antes do 31 de agosto de 2023”**.

Terceiro.- Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 30/03/2023 que é preciso operar a través dunha modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación do convenio con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Modifícase a cláusula Terceira, relativo a Obrigas e compromisos das partes do convenio de interadministrativo suscrito con data 30/03/2023, no relativo ás do Concello de Lugo, que quedará redactado co seguinte teor:

“(…)

b) Redactar o proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a realización das obras e aprobación inicial do mesmo, previsto inicialmente para antes do 31 de agosto de 2023.

San Marcos, 8 – 27001 Lugo – Tel.: 982 260 066 – Fax: 982 260 268

FIRMADO POR 77594722J- LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-09-21 09:49:14.00)
Numeración: 2023/49
Versión imprimible

CVD: szUvWSp9ZczcNCb8x1Hv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	IV7PQKATHAXYZ2FJ2F4V74ZVKU	Fecha y Hora	22/08/2023 09:13:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Firmado por	LARA MENDEZ LOPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQKATHAXYZ2FJ2F4V74ZVKU	Página	1/2





(...)"

SEGUNDA.- OUTRAS CLÁUSULAS

As demais cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 30/03/2023 en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables. Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo suscrito esta modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 2 páxinas numeradas, mediante firma electrónica recoñecida, validamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, de firma electrónica, do 19 de decembro, e demais disposicións de aplicación, para un só efecto, do que, como secretario dou fe.

O PRESIDENTE ,

A ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO,

José Tomé Roca

Lara Méndez López

O Secretario

José Antonio Mourelle Cillero

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 066 - Fax: 982 260 268

	IV7PQKATHAXYZ2FJ2F4V74ZVKU	Fecha y Hora	22/08/2023 09:13:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Firmado por	LARA MENDEZ LOPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQKATHAXYZ2FJ2F4V74ZVKU	Página	2/2

